

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7730 *Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu e sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

1. A vulnerabilidade das persoas na nosa sociedade ante as múltiples e complexas ameazas de catástrofes naturais, industriais ou tecnolóxicas é menor que hai trinta anos, pola influencia das políticas públicas que se aplicaron desde entón, baseadas en esencia nun gran desenvolvemento dos sistemas de alerta, a planificación das respostas e a dotación de medios de intervención. Aínda así, a envergadura deste tipo de riscos é tal que poden chegar a afectar a seguridade nacional, como o recoñecen as dúas estratexias de seguridade nacional aprobadas até o momento. O descenso do número de vítimas a consecuencia das catástrofes é unha realidade, pero as consecuencias destrutivas de bens ou perturbadoras de comunicacións e transportes ou danosas para o ambiente fóronse incrementado sen cesar pola influencia de factores potenciadores das ameazas, especialmente o cambio climático e a propia actividade humana, que xera riscos inseparables dela, moitas veces polo lexítimo afán de progreso.

A sociedade non foi nin é indiferente ante esta realidade porque é consciente de que estes riscos afectan de maneira determinante a súa seguridade. A información contribuíu poderosamente á súa sensibilización e á conformación dunha demanda crecente de acción pública destinada a protexer persoas e bens ante emerxencias. De aí que, sen prexuízo da indispensable colaboración cidadá, todos os poderes públicos competentes, desde o nivel local até as institucións europeas e internacionais, determinaron políticas públicas para desenvolver instrumentos normativos, organizativos e medios que lles permiten exercer as súas respectivas responsabilidades nesta materia e melloralas continuamente. Integrada na seguridade pública, a protección civil alcanza hoxe en todas partes unha importancia de primeira orde entre as diferentes políticas públicas e configurouse como un dos espazos públicos xenuínos e lexitimadores do Estado. En España experimentou un notable desenvolvemento nos últimos trinta anos, non exento de ineficiencias causadas principalmente polas dificultades de coordinación dun sistema aberto, flexible e con múltiples axentes e niveis de actuación e, en consecuencia, de recoñecida complexidade.

A Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil, estableceu un primeiro marco normativo de actuación para a protección civil, adaptado ao entón nacente Estado autonómico. A validez da dita lexislación foi confirmada polo Tribunal Constitucional a través de varias sentenzas que lle recoñeceron ao Estado a súa competencia, derivada do artigo 149.1.29.^a da Constitución e, por tanto, integrada na seguridade pública, non só para responder fronte ás emerxencias en que conorra un interese nacional, mobilizando os recursos ao seu alcance, senón tamén para procurar e salvagardar unha coordinación dos distintos servizos e recursos de protección civil integrándoos «nun deseño ou modelo nacional mínimo». Esta lei foi complementada por numerosas disposicións regulamentarias, algunhas tan importantes como a Norma básica de protección civil, aprobada polo Real decreto 407/1992, do 24 de abril, ou a Norma básica de autoprotección, aprobada polo

Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, ao tempo que se elaboraron diferentes plans de emerxencias e directrices básicas de planificación sobre riscos específicos.

Así mesmo, creáronse novos medios estatais de intervención eficaz, como a Unidade Militar de Emerxencias. Por outra parte, as comunidades autónomas e as entidades locais despregaron as súas competencias propias na materia, regulando a súa actuación, configurando os seus propios servizos de protección civil, desenvolvendo uns órganos competentes de coordinación de emerxencias que supuxeron un avance substantivo na xestión de todo tipo de emerxencias e eficaces servizos municipais de protección civil. Os estatutos de autonomía recentemente aprobados confirman, de maneira expresa, as respectivas competencias autonómicas, ben que, como é natural, con respecto das propias do Estado e en colaboración con este.

En fin, a Unión Europea tamén se sumou ao esforzo común e puxo en marcha un mecanismo de protección civil baseado na solidariedade e colaboración dos Estados membros, aparte doutras medidas financeiras e de apoio a estes últimos.

Toda esta evolución dos riscos, dos medios, da lexislación e os cambios que entrañan no enfoque e na organización dos servizos de protección civil aconsellan unha actualización do marco xurídico regulador da materia que, ademais de recoller algunhas previsións especialmente relevantes dispersas en normas xa vixentes e suplir determinadas carencias da anterior regulación legal, poña maior énfase na prevención para evitar ou mitigar os impactos adversos destas situacións, así como na integración, coordinación e eficiencia das actuacións das administracións públicas.

Esta nova lei propónse, pois, reforzar os mecanismos que potencien e melloren o funcionamento do Sistema nacional de protección dos cidadáns ante emerxencias e catástrofes, que xa previu a lei anterior. Este sistema de protección civil enténdese como un instrumento da seguridade pública, integrado na política de seguridade nacional. Sistema que facilitará o exercicio cooperativo, coordinado e eficiente das competencias distribuídas pola doutrina constitucional entre as administracións públicas, á luz das novas circunstancias e demandas sociais, ao interconectar de maneira aberta e flexible a pluralidade de servizos e actuacións destinados ao obxectivo común. Neste sentido, a nova norma atende as recomendacións da Comisión para a Reforma das Administracións Públicas, ao incorporar medidas específicas de avaliación e inspección do Sistema nacional de protección civil, de colaboración interadministrativa no seo da Rede de alerta nacional de protección civil e de integración de datos da Rede nacional de información sobre protección civil. Posibilitará, ao mesmo tempo, o mellor cumprimento dos compromisos asumidos no ámbito internacional e da Unión Europea, todo isto co fin último de afrontar da maneira máis rápida e eficaz as situacións de emerxencia que poidan producirse, en beneficio dos afectados e en cumprimento do principio de solidariedade interterritorial. Mediante as previsións e deberes que a lei establece ao respecto e en virtude das funcións de coordinación política e administrativa que atribúe ao Consello Nacional de Protección Civil, entre outras, concrétese na práctica un modelo nacional mínimo que fará posible unha dirección eficaz polo Goberno das emerxencias de interese nacional e unha coordinación xeral do sistema que integre todos os esforzos.

2. En atención á finalidade descrita e aos criterios en que se inspira, a presente lei estrutúrase en seis títulos, máis as disposicións da parte final.

O título I establece as disposicións de aplicación xeral. Ademais de definir a protección civil como servizo público e clarificar a terminoloxía empregada mediante un catálogo das definicións dos conceptos máis substanciais, concreta as actuacións do Sistema nacional de protección civil e os principios polos que se rexerán. Aos procesos xa consolidados do ciclo da emerxencia, previsión, prevención, planificación, intervención e recuperación incorpórase o de coordinación xeral da acción política mediante a definición e seguimento de estratexias integradoras de toda a actividade pública e privada na materia. A coordinación é substancial para o funcionamento eficaz e harmónico do sistema e para optimizar os seus recursos, e determinante de que todas as actuacións e medios estean orientados prioritariamente a reducir en forma permanente e sustentable os riscos e as

vulnerabilidades que afecten a poboación e os bens protexidos, así como a aumentar a capacidade individual e colectiva de reacción ante as emerxencias.

Toda actividade que potencialmente poida ter efectos catastróficos deberá realizarse coa debida cautela e dilixencia nas medidas de autoprotección. As actuacións do sistema de protección civil rexeranse de maneira especial polos principios enunciados nesta lei, que son puntos clave de referencia que coadxuvan na súa estruturación lóxica. Ademais dos expresados e dos xerais aplicables ao funcionamento das administracións públicas, sempre se deberán ter presentes as diferentes fortalezas e vulnerabilidades das persoas, en cumprimento do principio de igualdade e os convenios internacionais subscritos por España.

A lei regula un conxunto mínimo de dereitos e deberes dos cidadáns en materia de protección civil, así como uns principios de actuación dos poderes públicos respecto a eles, que serán precisados en certos aspectos polas súas normas de desenvolvemento. A intención desta regulación e o seu lugar no texto legal pretende pór de relevo que o cidadán non só é o destinatario da acción pública dirixida a previr e afrontar as situacións de emerxencia, senón o centro do sistema de protección civil e que lle corresponden dereitos e deberes específicos que teñen encaixe directo na Constitución. A lei establece que todos os cidadáns teñen dereito a estar informados sobre os riscos colectivos importantes que os afecten, o que obriga os poderes públicos a divulgar as medidas dispostas para contrarrestalos, a recomendar condutas para previlos e a dar a máxima participación cidadá ao planificar e implantar actuacións ante as emerxencias, que se configura tamén como un dereito.

No título II descríbese de maneira completa e ordenada nos cinco primeiros capítulos o ciclo clásico de actuacións dos poderes públicos na materia. Cada unha delas é complementaria das demais e o seu correcto funcionamento é esencial para lograr os obxectivos da lei. Os mecanismos de avaliación e inspección que se establecen no capítulo sexto, en combinación coas estratexias de acción definidas no título anterior, completan un concepto avanzado de xestión integral e integradora de todas as partes do sistema, que pode ser dirixido de maneira flexible e aberta a cubrir as necesidades de protección dos cidadáns e rende contas desa responsabilidade.

A lei pon unha énfase especial na prevención. O proceso empeza por potenciar o coñecemento sobre os riscos como medio para previlos e anticiparse ás súas consecuencias danosas, incorporando como unha actuación diferenciada a de anticipación. Créase a Rede nacional de información sobre protección civil, que interconectará todos os datos e informacións necesarias para garantir respostas eficaces ante as situacións de emerxencia. É un dos piares do sistema, que xestionará o Centro Nacional de Seguimento e Coordinación de Emerxencias de Protección Civil da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias por medio dun plan nacional de interconexión acordado por todas as administracións públicas no seo do Consello Nacional de Protección Civil. Este novo concepto legal non atrae cara ao Estado novas competencias, senón que materializa e delimita o alcance dos deberes recíprocos de cooperación entre administracións en virtude do principio de solidariedade, particularmente no relativo á transmisión de informacións e, se for o caso, do deber de cooperación activa de todas as administracións con aquela a que corresponda xestionar a emerxencia.

A prevención é un dos fins prioritarios da protección civil. Moitas das políticas desenvolvidas polas administracións públicas, en canto poidan afectar ou condicionar a seguridade das persoas ou os bens, teñen obxectivos preventivos. A lei propicia que todos estes esforzos se canalicen e integren a través dos órganos de coordinación que establece. A planificación, especialmente os plans de autoprotección, a formación do persoal pertencente ao sistema de protección civil e, singularmente, a inclusión nos currículos escolares de contidos sobre autoprotección e primeiros auxilios son instrumentos poderosísimos de prevención de carácter horizontal que esta lei procura.

Ademais, régulanse actuacións preventivas específicas de longo alcance inéditas nas políticas de protección civil anteriores. As actividades catalogadas segundo esta lei como de risco para as emerxencias deberán contar cun estudo técnico de impacto sobre os

identificados previamente nos mapas de risco ou plans territoriais correspondentes ao lugar onde se prevexan realizar. Trátase, con isto, de compatibilizar as ditas actividades necesarias para o desenvolvemento económico e social coa seguridade de persoas e bens, racionalizando o seu deseño para minimizar o risco que poidan xerar. Créase o Fondo Nacional de Prevención de Emerxencias como instrumento financeiro adecuado para contribuír a dar o impulso necesario a actuacións de elaboración de análises e localización de riscos, campañas de sensibilización e información preventiva aos cidadáns, programas de educación para a prevención en centros escolares ou outras análogas, e prevese, para isto, a celebración de convenios ou acordos entre a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e outras entidades públicas e privadas.

Mellóranse outros recursos preventivos xa previstos na normativa anterior. Todos os plans de protección civil deberán establecer programas de información preventiva e de alerta para garantir o adestramento permanente dos servizos intervinientes nas emerxencias, dos afectados por elas e dos medios de comunicación, de ser o caso. Poténciase a Rede de alerta nacional de protección civil como instrumento de comunicación inmediata e de prevención de toda emerxencia, ao incorporar os órganos competentes de coordinación de emerxencias das comunidades autónomas como canle para a transmisión das alarmas a quen corresponda.

Polo que se refire á planificación, a lei opta por manter no esencial o esquema da lexislación anterior, xa consolidado, ben que simplificándoo na medida do posible. De aí que as actuais directrices básicas se inclúan na Norma básica de protección civil e que se diferencien con máis claridade os plans territoriais dos especiais. Prevese a aprobación de plans especiais para situacións bélicas tendo en conta as leis especiais e os convenios internacionais subscritos por España. En materia de autoprotección, configurada no título I como un deber, complétanse as previsións que establecía a lei anterior e outórgase rango legal aos aspectos esenciais da vixente normativa regulamentaria. Impónselles ás entidades ou empresas que xeren un risco para a poboación a obrigaón de asumir o custo das medidas de protección correspondentes.

Así mesmo, suprímese o mecanismo de homologación dos plans por outro máis adecuado á distribución competencial.

A resposta inmediata ás emerxencias é o punto crítico de todo sistema de protección civil, que, por outro lado, evidencia en ocasións deficiencias de actuacións previas. A amplitude e diversidade de medios con que se dotou o sistema nacional nos últimos anos, como se apuntou anteriormente, necesita coordinación. Por iso a lei precisa as actividades que hai que desenvolver e os servizos de intervención e asistencia co fin de que poidan estruturarse racionalmente protocolos de actuación e plans de formación pertinentes que procuren respostas rápidas, coordinadas e eficientes.

Fortalécense os centros de coordinación operativa, analogamente ao que se previu no Mecanismo de protección civil da Unión Europea co seu Centro de Coordinación de Resposta a Emerxencias. Por unha parte, consolídanse os órganos competentes de coordinación de emerxencias das comunidades autónomas como integrantes esenciais do sistema de protección civil; por outra, poténciase o centro de coordinación actual da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, que se transforma no Centro Nacional de Seguimento e Coordinación de Emerxencias de Protección Civil, ao cal corresponde a xestión das redes de información e alerta do sistema, a interconexión e colaboración con outros centros de coordinación internacionais e constituírse en centro de coordinación operativa desde o cal se dirixirán as emerxencias de interese nacional. Nestes casos, os órganos competentes de coordinación de emerxencias das comunidades autónomas integranse operativamente nel, reforzando sinerxicamente a capacidade do sistema.

A intervención operativa do Estado céntrase, sobre todo, conforme a doutrina constitucional, nos casos de emerxencia de interese nacional. Ademais, procurouse reforzar nestes casos as facultades directivas e de coordinación do ministro do Interior, e o deber de colaboración de todas as administracións que contan con recursos mobilizables. Pola súa vez, a lei impón ao Estado a obrigaón de pór á disposición das comunidades autónomas e entidades locais os recursos humanos e materiais de que dispoña para a

protección civil, na forma que se acorde no Consello Nacional de Protección Civil. Ademais deste criterio de reciprocidade, é evidente que o Estado non pode desentenderse de ningunha situación de risco que afecte unha parte da poboación, aínda que sexan outras as administracións competentes para afrontala. Disto despréndese que os recursos que o Estado destina a estes fins son susceptibles tamén de utilización polas demais administracións, mentres sexa posible e conveniente para garantir a todos os cidadáns o máis elevado nivel de protección.

A última das actuacións é a de restablecemento da normalidade na zona sinistrada. Aínda que no ámbito estatal existe xa unha normativa regulamentaria ao respecto, en numerosas ocasións a regulación varía en función de cada situación singular. A lei establece un marco regulatorio común destas axudas adaptado á lexislación xeral de subvencións. Prevese a declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil para a adopción doutro tipo de medidas de reparación, por exemplo a exención ou redución conxuntural de impostos e moratorias no pagamento de cotizacións da Seguridade Social, así como a consideración de provenientes dunha situación de forza maior das extincións ou suspensións dos contratos de traballo ou as reducións temporais da xornada de traballo que teñan a súa causa directa nas emerxencias.

O título III dedícase exclusivamente á formación dos recursos humanos do Sistema nacional de protección civil, cuestión obviada no anterior texto legal e nos regulamentarios. Os recursos humanos son un elemento esencial para o adecuado funcionamento do sistema, polo que debe ser un obxectivo prioritario nas políticas de protección civil das administracións públicas. A nova lei aposta decididamente pola súa formación, como mecanismo de coordinación por excelencia a medio e longo prazo, xa que achega unhas competencias comúns a todos os seus membros que son determinantes para que as súas intervencións resulten coordinadas.

Ademais, as actuacións cuxo obxectivo é a protección civil da poboación deixaron de ter desde hai tempo o carácter de resposta conxuntural e improvisada con que naceron. Na actualidade, unha política eficaz de protección civil require un elevado nivel de preparación e formación especializada de cantos interveñen nesas actuacións ao longo de todo o seu ciclo, xa se trate de persoal ao servizo das administracións públicas competentes, doutros profesionais ou daqueles que prestan a súa colaboración voluntaria. A lei exige, por conseguinte, que todas as persoas que interveñan nas tarefas de protección civil estean debidamente formadas e pretende promover en todos os ámbitos o esforzo de formación, harmonizando os correspondentes sistemas, métodos e títulos para garantir a interoperabilidade dos axentes da protección civil. Para estes efectos, a lei precisa as funcións vertebradoras que corresponden á Escola Nacional de Protección Civil, sen prexuízo das actividades e centros que poidan crear ou xa existan nas restantes administracións competentes.

En canto ás competencias dos órganos da Administración xeral do Estado en materia de protección civil, á cal se dedica o título IV, optouse por seguir atribuíndo a responsabilidade fundamental ao Ministerio do Interior, baixo a dirección política e a coordinación superior do Goberno. Isto non obsta para que outros departamentos e certos organismos e entidades públicas desempeñen tamén importantes funcións nesta materia, que, polas súas implicacións, ten unha natureza transversal. É máis, resulta indispensable que todas as áreas da Administración asuman decididamente que deben prestar o seu concurso, cos medios e competencias de que dispoñan, para afrontar e superar as situacións de emerxencia, xa que afectan os bens xurídicos máis primarios e intereses xerais da maior relevancia.

Con todo, a pluralidade e diversidade mesma das actuacións que pode e debe realizar a Administración xeral do Estado para asegurar a protección civil exige reforzar os mecanismos de coordinación, pois só así será posible conseguir unha resposta unitaria e evitar interferencias ou duplicidades non desexables. De aí que a lei recoñeza aos delegados do Goberno un papel de coordinadores das actuacións dos órganos e servizos da Administración xeral do Estado, baixo as instrucións do Ministerio do Interior, cuxo

titular será a autoridade superior na materia e ao cal se atribúen todas aquelas competencias específicas que lle permiten exercela.

Así mesmo, a lei reitera a participación das Forzas Armadas e das forzas e corpos de seguridade do Estado nas accións de protección civil, así como da Unidade Militar de Emerxencias. A lei recolle as normas esenciais que disciplinan a intervención da Unidade Militar de Emerxencias, que se consolidou en breve tempo como un instrumento altamente eficaz na loita contra todo tipo de emerxencias.

Dadas as peculiaridades da acción pública para a protección civil, en que concorren varios niveis de Goberno e Administración dotados de competencias propias, resulta preciso organizar un esquema de cooperación interadministrativa, ao cal se destina o título V. A lei afonda na filosofía de cooperación permanente e estruturada en órganos «ad hoc», xa establecida pola lexislación precedente, e crea o Consello Nacional de Protección Civil, realizando a importancia da coordinación das políticas públicas de protección civil e da participación das comunidades autónomas e da Administración local ao máis alto nivel na elaboración da política estatal, sen que por isto se esqueza ou reduza a coordinación técnica multilateral nas tarefas de planificación, interconexión de redes e sistemas de actuación, formación e outras que o requiran, para o cal deberá crear as comisións e grupos de traballo que considere necesarios. O esquema de cooperación complétase coa posibilidade de constituír, mediante as respectivas leis autonómicas, órganos territoriais de participación e coordinación.

No ámbito exterior, a nova lei dá cobertura e organiza a contribución do Estado ao Mecanismo de protección civil da Unión Europea e as misións de cooperación internacional nesta materia, cada vez máis frecuentes e complexas, supostos que a lexislación aprobada hai máis de dúas décadas apenas podía prever.

O réxime sancionador ordénase no título VI, de acordo cos principios e regras xerais que informan hoxe o dereito administrativo sancionador e que non puido tomar en consideración a temperá lei de 1985.

Finalmente, as disposicións adicionais recoñecen que o voluntariado de protección civil xogou sempre un papel importante na protección civil, aínda que complementario e auxiliar das funcións públicas correspondentes. A lei persegue potenciar ese papel, no marco dos principios e réxime xurídico establecidos na lexislación propia do voluntariado, ben que recalando o deber e o dereito de formación dos voluntarios e sen prexuízo do deber xeral de colaboración de todos os cidadáns, cando proceda. Pretende integrar tamén as capacidades de Cruz Vermella Española en persoal e medios, así como as dos radioaficionados e outras entidades colaboradoras cuxo esforzo foi e seguirá sendo moi importante.

Por outra parte, o establecido nesta norma garda a necesaria coherencia cos sistemas de seguridade nacional e de protección de infraestruturas críticas e cos tratados internacionais subscritos por España.

Regúlase a concesión da Medalla ao mérito de protección civil como recoñecemento público das accións meritorias realizadas por aqueles que, con independencia dos imperativos legais ou superando incluso o nivel de exixencia destes, interveñen en accións relacionadas coa protección civil, xa sexa nos seus aspectos preventivos como de intervención en caso de emerxencia.

Prevese a posibilidade de conceder axudas en caso de catástrofes aínda no caso de que non se declare previamente a zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil, así como que o Consello Nacional de Protección Civil acorde prezos unitarios de custo de servizos que facilitarán a cuantificación de gastos nos convenios de colaboración que se celebren para o caso de emerxencias en que interveñan varias administracións e que repercutirá na eficiencia de recursos do sistema.

3. En definitiva, a lei actualiza o marco xurídico nunha materia tan sensible para os cidadáns como é a protección civil. E faino á luz da experiencia adquirida desde a promulgación da lei anterior, tendo en conta as competencias das comunidades autónomas, así como a lexislación da Unión Europea e os compromisos asumidos por

España no marco da cooperación internacional, en termos similares a como hoxe se regula esta materia noutros Estados de estrutura federal ou descentralizada.

Pero, sobre todo, trátase de arbitrar os presupostos legais que permitan seguir elevando gradualmente o nivel de protección da cidadanía durante os anos vindeiros. Non está de máis lembrar que, no momento en que empeza a construírse no noso país un sistema administrativo moderno, advertía Javier de Burgos que «o socorro das calamidades... non debe abandonarse á eventualidade das inspiracións xenerosas, senón someterse á acción constante, regular e uniforme da Administración». Dous séculos despois é evidente que o Estado, ao igual que os demais poderes públicos, está chamado a ofrecer a calquera persoa previsión e amparo ante as catástrofes de todo tipo, xa que nisto está en xogo a vida, a integridade física, o disfrute normal de bens e dereitos e a defensa dos recursos naturais e culturais, cuxa protección é unha, se non é a máis importante, das razóns de ser do Estado mesmo.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. A protección civil, como instrumento da política de seguridade pública, é o servizo público que protexe as persoas e bens garantindo unha resposta adecuada ante os distintos tipos de emerxencias e catástrofes orixinadas por causas naturais ou derivadas da acción humana, sexa esta accidental ou intencionada.

2. O obxecto desta lei é establecer o Sistema nacional de protección civil como instrumento esencial para asegurar a coordinación, a cohesión e a eficacia das políticas públicas de protección civil, e regular as competencias da Administración xeral do Estado na materia.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta lei, entenderase por:

1. Perigo. Potencial de ocasionar dano en determinadas situacións a colectivos de persoas ou bens que deben ser preservados pola protección civil.

2. Vulnerabilidade. A característica dunha colectividade de persoas ou bens que os fai susceptibles de seren afectados en maior ou menor grao por un perigo en determinadas circunstancias.

3. Ameaza. Situación en que persoas e bens preservados pola protección civil están expostos en maior ou menor medida a un perigo inminente ou latente.

4. Risco. É a posibilidade de que unha ameaza chegue a afectar colectivos de persoas ou bens.

5. Emerxencia de protección civil. Situación de risco colectivo sobrevida por un evento que pon en perigo inminente persoas ou bens e exige unha xestión rápida por parte dos poderes públicos para atendelas e mitigar os danos e tratar de evitar que se converta nunha catástrofe. Correspóndese con outras denominacións como emerxencia extraordinaria, por contraposición a emerxencia ordinaria que non ten afectación colectiva.

6. Catástrofe. Unha situación ou acontecemento que altera ou interrompe substancialmente o funcionamento dunha comunidade ou sociedade por ocasionar gran cantidade de vítimas, danos e impactos materiais, cuxa atención supera os medios dispoñibles da propia comunidade.

7. Servizos esenciais. Servizos necesarios para o mantemento das funcións sociais básicas, a saúde, a seguridade, o benestar social e económico dos cidadáns, ou o eficaz funcionamento das institucións do Estado e as administracións públicas.

Artigo 3. *O Sistema nacional de protección civil.*

1. O Sistema nacional de protección civil integra a actividade de protección civil de todas as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, co fin de garantir unha resposta coordinada e eficiente mediante as seguintes actuacións:

- a) Prever os riscos colectivos mediante accións dirixidas a coñecerlos anticipadamente e evitar que se produzan ou, se for o caso, reducir os danos que deles poidan derivar.
- b) Planificar os medios e medidas necesarias para afrontar as situacións de risco.
- c) Levar a cabo a intervención operativa de resposta inmediata en caso de emerxencia.
- d) Adoptar medidas de recuperación para restablecer as infraestruturas e os servizos esenciais e paliar os danos derivados de emerxencias.
- e) Efectuar unha coordinación, seguimento e avaliación do sistema para garantir un funcionamento eficaz e harmónico del.

2. As actuacións do sistema rexeranse polos principios de colaboración, cooperación, coordinación, solidariedade interterritorial, subsidiariedade, eficiencia, participación, inclusión e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

3. Os cidadáns e as persoas xurídicas participarán no sistema nos termos establecidos nesta lei.

Artigo 4. *Estratexia do Sistema nacional de protección civil.*

1. A Estratexia do Sistema nacional de protección civil consiste en analizar prospectivamente os riscos que poden afectar as persoas e bens protexidos pola protección civil e as capacidades de resposta necesarias, e en formular en consecuencia as liñas estratéxicas de acción para aliñar, integrar e priorizar os esforzos que permitan optimizar os recursos dispoñibles para mitigar os efectos das emerxencias.

O Consello Nacional de Protección Civil aprobará as liñas básicas da Estratexia do Sistema nacional de protección civil e as directrices para a súa implantación, seguimento e avaliación periódica. Poderán establecerse plans de actuación anuais ou programas sectoriais para a súa implementación. Esta estratexia revisarase, ao menos, cada catro anos.

2. A Estratexia nacional de protección civil integrará e aliñará todas as actuacións da Administración xeral do Estado nesta materia. Será aprobada polo Consello de Seguridade Nacional, por proposta do ministro do Interior.

Artigo 5. *Dereito á protección en caso de catástrofe.*

1. Todos os residentes no territorio español teñen dereito a seren atendidos polas administracións públicas en caso de catástrofe, de conformidade co previsto nas leis e sen máis limitacións que as impostas polas propias condicións perigosas inherentes a tales situacións e a dispoñibilidade de medios e recursos de intervención.

2. Os poderes públicos velarán por que a atención dos cidadáns en caso de catástrofe sexa equivalente calquera que sexa o lugar da súa residencia, de conformidade co establecido no artigo 139.1 da Constitución.

3. Os servizos públicos competentes identificarán o máis rapidamente posible as vítimas en caso de emerxencias e ofrecerán información precisa aos seus familiares ou persoas achegadas.

4. Os poderes públicos velarán para que se adopten medidas específicas que garantan que as persoas con discapacidade coñezan os riscos e as medidas de autoprotección e prevención, sexan atendidas e informadas en casos de emerxencia e participen nos plans de protección civil.

Artigo 6. *Dereito á información.*

1. Todos teñen dereito a ser informados adecuadamente polos poderes públicos acerca dos riscos colectivos importantes que os afecten, as medidas previstas e adoptadas para facerlles fronte e as condutas que deban seguir para previlos.

2. Estas informacións deberán proporcionarse tanto en caso de emerxencia como preventivamente, antes de que as situacións de perigo cheguen a estar presentes.

Artigo 7. *Dereito á participación.*

1. Os cidadáns teñen dereito a participar, directamente ou a través de entidades representativas dos seus intereses, na elaboración das normas e plans de protección civil, nos termos que legal ou regulamentariamente se establezan.

2. A participación dos cidadáns nas tarefas de protección civil poderá canalizarse a través das entidades de voluntariado, de conformidade co disposto nas leis e nas normas regulamentarias de desenvolvemento.

Artigo 7 bis. *Deber de colaboración.*

1. Os cidadáns e as persoas xurídicas están suxeitos ao deber de colaborar, persoal ou materialmente, na protección civil, en caso de requirimento da autoridade competente de acordo co establecido no artigo 30.4 da Constitución e nos termos desta lei.

2. Nos casos de emerxencia, calquera persoa, a partir da maioría de idade, estará obrigada á realización das prestacións persoais que exixan as autoridades competentes en materia de protección civil, sen dereito a indemnización por esta causa, e ao cumprimento das ordes e instrucións, xerais ou particulares, que aquelas establezan.

3. Cando a natureza das emerxencias o faga necesario, as autoridades competentes en materia de protección civil poderán proceder á requisa temporal de todo tipo de bens, así como á intervención ou ocupación transitoria daqueles que sexan necesarios e, se for o caso, á suspensión de actividades. Aqueles que, como consecuencia destas actuacións, sufran prexuízos nos seus bens e servizos, terán dereito a ser indemnizados de acordo co disposto nas leis.

4. Cando a natureza das emerxencias exixa a entrada nun domicilio e, se for o caso, a evacuación de persoas que se encontren en perigo, será de aplicación o disposto no artigo 15, número 2, da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.

5. As medidas restritivas de dereitos que sexan adoptadas ou as que impoñan prestacións persoais ou materiais terán unha vixencia limitada ao tempo estritamente necesario para facer fronte ás emerxencias e deberán ser adecuadas á súa entidade.

6. Os servizos de vixilancia e protección fronte a riscos de emerxencias das empresas públicas ou privadas consideraranse, para todos os efectos, colaboradores na protección civil, polo que poderán asignárselles funcións nos plans de protección civil correspondentes ao seu ámbito territorial e, se for o caso, seren requiridos polas autoridades competentes para a súa actuación en emerxencias. Regulamentariamente estableceranse as condicións que garantan que a asignación de funcións aos servizos de vixilancia e protección das empresas que xestionen servizos de interese xeral non afectará o mantemento dos ditos servizos en condicións de seguridade e continuidade, así como o réxime de indemnización dos danos e perdas causados pola súa actuación neste ámbito.

7. Os titulares de centros, establecementos e dependencias en que se realicen actividades previstas no artigo 9.2.b) que poidan orixinar emerxencias, deberán informar con regularidade suficiente os cidadáns potencialmente afectados acerca dos riscos e as medidas de prevención adoptadas, e estarán obrigados:

a) A comunicar ao órgano que estableza a Administración pública en cada caso competente os programas de información aos cidadáns postos en práctica e a información facilitada.

b) A efectuar pola súa conta a instalación e o mantemento dos sistemas de xeración de sinais de alarma á poboación, nas áreas que poidan verse inmediatamente afectadas polas emerxencias de protección civil que poidan xerarse polo desenvolvemento da actividade desempeñada.

c) A garantir que esta información sexa plenamente accesible a persoas con discapacidade de calquera tipo.

8. Os medios de comunicación están obrigados a colaborar de maneira gratuíta coas autoridades na difusión das informacións preventivas e operativas ante os riscos e emerxencias na forma que aquelas lles indiquen e nos termos que se establezan nos correspondentes plans de protección civil.

Artigo 7 ter. *Deber de cautela e autoprotección.*

1. Os cidadáns deben tomar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos, así como exporse a eles. Unha vez sobrevida unha emerxencia, deberán actuar conforme as indicacións dos axentes dos servizos públicos competentes.

2. Os titulares dos centros, establecementos e dependencias, públicos ou privados, que xeren risco de emerxencia, estarán obrigados a adoptar as medidas de autoprotección previstas nesta lei, nos termos recollidos nela e na normativa de desenvolvemento.

3. As administracións competentes en materia de protección civil promoverán a constitución de organizacións de autoprotección entre as empresas e entidades que xeren risco para facilitar unha adecuada información e asesoramento.

Artigo 7 quáter. *Voluntariado no ámbito da protección civil.*

1. O voluntariado de protección civil poderá colaborar na xestión das emerxencias, como expresión de participación cidadá na resposta social a estes fenómenos, de acordo co que establezan as normas aplicables, sen prexuízo do deber xeral de colaboración dos cidadáns nos termos do artigo 7 bis.

As actividades dos voluntarios no ámbito da protección civil realizaranse a través das entidades de voluntariado en que se integren, de acordo co réxime xurídico e os valores e principios que inspiran a acción voluntaria establecidos na normativa propia do voluntariado, e seguindo as directrices daquelas, sen que en ningún caso a súa colaboración entrañe unha relación de emprego coa Administración actuante.

2. Os poderes públicos promoverán a participación e a formación dos voluntarios en apoio do Sistema nacional de protección civil.

3. A rede de comunicacións de emerxencia formada por radioaficionados voluntarios poderá complementar as dispoñibles ordinariamente polos servizos de protección civil.

TÍTULO II

Actuacións do Sistema nacional de protección civil

CAPÍTULO I

Anticipación

Artigo 8. *Definición.*

A anticipación ten por obxecto determinar os riscos nun territorio baseándose nas condicións de vulnerabilidade e nas posibles ameazas, e comprende as análises e estudos que permitan obter información e predicións sobre situacións perigosas.

Artigo 9. *Rede nacional de información sobre protección civil.*

1. Créase a Rede nacional de información sobre protección civil co fin de contribuír á anticipación dos riscos e de facilitar unha resposta eficaz ante calquera situación que o precise, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas. Esta rede permitirá ao Sistema nacional de protección civil:

a) A recollida, o almacenamento e o acceso áxil a información sobre os riscos de emerxencia coñecidos, así como sobre as medidas de protección e os recursos dispoñibles para isto.

b) Asegurar o intercambio de información en todas as actuacións deste título.

2. A rede conterà:

a) O mapa nacional de riscos de protección civil, como instrumento que permite identificar as áreas xeográficas susceptibles de sufriren danos por emerxencias ou catástrofes.

b) Os catálogos oficiais de actividades que poidan orixinar unha emerxencia de protección civil, incluíndo información sobre os centros, establecementos e dependencias en que aquelas se realicen, nos termos que regulamentariamente se establezan.

c) O rexistro informatizado dos plans de protección civil, que os integrará a todos nos termos que regulamentariamente se establezan.

d) Os catálogos de recursos mobilizables, entendendo por tales os medios humanos e materiais, xestionados polas administracións públicas ou por entidades de carácter privado, que poidan ser utilizados polo Sistema nacional de protección civil en caso de emerxencia, nos termos previstos nesta lei e que regulamentariamente se establezan.

e) O Rexistro Nacional de Datos sobre Emerxencias e Catástrofes, que incluírá información sobre as que se produzan, as consecuencias e perdas ocasionadas, así como sobre os medios e procedementos utilizados para palialas.

f) Calquera outra información necesaria para prever os riscos de emerxencias e facilitar o exercicio das competencias das administracións públicas en materia de protección civil, nos termos que regulamentariamente se establezan.

3. As administracións públicas competentes proporcionarán os datos necesarios para a constitución da Rede e terán acceso a ela, de acordo cos criterios que se adopten no Consello Nacional de Protección Civil.

CAPÍTULO II

Prevención de riscos de protección civil

Artigo 10. *Política de prevención.*

1. A prevención en protección civil consiste no conxunto de medidas e accións encamiñadas a evitar ou mitigar os posibles impactos adversos dos riscos e ameazas de emerxencia.

2. Como paso previo á prestación de actividades catalogadas de acordo co artigo 9.2.b) deberase contar cun estudo técnico dos efectos directos sobre os riscos de emerxencias de protección civil identificados na zona. Incluírá, como mínimo, datos sobre a localización, o deseño e o tamaño do proxecto da actividade, unha identificación e avaliación dos ditos efectos e das medidas para evitar ou reducir as consecuencias adversas do dito impacto. Será sometida a avaliación do impacto sobre os riscos de emerxencias de protección civil polo órgano competente na materia.

3. Os plans de protección civil previstos no capítulo III deste título deberán conter programas de información e comunicación preventiva e de alerta que permitan aos cidadáns adoptar as medidas oportunas para a salvagarda de persoas e bens, facilitar en todo canto sexa posible a rápida actuación dos servizos de intervención e restablecer a

normalidade rapidamente despois de calquera emerxencia. A difusión destes programas deberá garantir a súa recepción por parte dos colectivos máis vulnerables.

No seu contido incorporaranse medidas de accesibilidade para as persoas con discapacidade, en especial, as encamiñadas a asegurar que reciben información sobre estes plans.

4. Os poderes públicos promoverán a investigación das emerxencias, para evitar que se reiteren, e o aseguramento do risco de emerxencias, para garantir a eficiencia da resposta da sociedade ante estes sucesos de maneira compatible coa sustentabilidade social, económica e fiscal.

5. As administracións públicas promoverán, no ámbito das súas competencias e con cargo ás súas respectivas dotacións orzamentarias, a realización de programas de sensibilización e información preventiva aos cidadáns e de educación para a prevención en centros escolares.

Artigo 11. *Fondo de Prevención de Emerxencias.*

1. Créase o Fondo de Prevención de Emerxencias, xestionado polo Ministerio do Interior, dotado con cargo aos créditos que se consignen para o efecto nos orzamentos xerais do Estado, para financiar, no ámbito da Administración xeral do Estado, as actividades preventivas seguintes:

- a) Análise de perigosidade, vulnerabilidade e riscos.
- b) Mapas de riscos de protección civil.
- c) Programas de sensibilización e información preventiva aos cidadáns.
- d) Programas de educación para a prevención en centros escolares.
- e) Outras actividades de análogo carácter que se determinen.

2. O Ministerio do Interior poderá subscribir instrumentos de colaboración con outros departamentos ministeriais, con outras administracións públicas e con entidades públicas ou privadas, para a realización das actividades recollidas neste capítulo, que serán financiadas total ou parcialmente con cargo ao Fondo de Prevención de Emerxencias.

Artigo 12. *Rede de alerta nacional de protección civil.*

1. Créase a Rede de alerta nacional de protección civil como sistema de comunicación de avisos de emerxencia ás autoridades competentes en materia de protección civil, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, co fin de que os servizos públicos esenciais e os cidadáns estean informados ante calquera ameaza de emerxencia.

2. A xestión da rede corresponderá ao Ministerio do Interior, a través do Centro Nacional de Seguimento e Coordinación de Emerxencias de Protección Civil.

3. Todos os organismos das administracións públicas que poidan contribuir á detección, seguimento e previsión de ameazas de perigo inminente para as persoas e bens comunicarán de inmediato ao Centro Nacional de Seguimento e Coordinación de Emerxencias de Protección Civil calquera situación de que teñan coñecemento que poida dar lugar a unha emerxencia de protección civil.

4. Os órganos competentes de coordinación de emerxencias das comunidades autónomas serán canle tanto para a información das emerxencias de protección civil ao Centro Nacional de Seguimento e Coordinación de Emerxencias de Protección Civil como para a transmisión da alerta a quen corresponda.

CAPÍTULO III

Planificación

Artigo 13. *Norma básica de protección civil.*

A Norma básica de protección civil, aprobada mediante real decreto por proposta do titular do Ministerio do Interior, e logo de informe do Consello Nacional de Protección Civil, establece as directrices básicas para a identificación de riscos de emerxencias e actuacións para a súa xestión integral, o contido mínimo e os criterios xerais para a elaboración dos plans de protección civil e do desenvolvemento polos órganos competentes das actividades de implantación necesarias para a súa adecuada efectividade.

Artigo 14. *Plans de protección civil.*

1. Os plans de protección civil son os instrumentos de previsión do marco orgánico-funcional e dos mecanismos que permiten a mobilización dos recursos humanos e materiais necesarios para a protección das persoas e dos bens en caso de emerxencia, así como do esquema de coordinación das distintas administracións públicas chamadas a intervir.

2. Os plans de protección civil son o Plan estatal xeral, os plans territoriais, de ámbito autonómico ou local, os plans especiais e os plans de autoprotección.

3. Sobre o Plan estatal xeral e os plans territoriais e especiais de ámbito estatal ou autonómico deberá emitir informe o Consello Nacional de Protección Civil, para os efectos da súa adecuación ao Sistema nacional de protección civil.

Artigo 15. *Tipos de plans.*

1. O Plan estatal xeral desenvolve a organización e os procedementos de actuación da Administración xeral do Estado para prestar apoio e asistencia ás outras administracións públicas, en casos de emerxencia de protección civil, así como exercer a dirección e coordinación do conxunto das administracións públicas nas emerxencias declaradas de interese nacional. A aprobación do Plan estatal xeral corresponde ao Goberno, por proposta do ministro do Interior.

2. Son plans territoriais todos aqueles que se elaboran para facer fronte aos riscos de emerxencia que se poidan presentar no territorio dunha comunidade autónoma ou dunha entidade local. Estes plans serán aprobados pola Administración competente, autonómica ou local, de conformidade co previsto na súa lexislación específica.

3. Son plans especiais os que teñen por finalidade facer fronte aos riscos de inundacións; terremotos; maremotos; volcánicos; fenómenos meteorolóxicos adversos; incendios forestais; accidentes en instalacións ou procesos en que se utilicen ou almacenen substancias químicas, biolóxicas, nucleares ou radioactivas; accidentes de aviación civil e no transporte de mercadorías perigosas, así como os relativos á protección da poboación en caso de conflito bélico e aqueloutros que se determinen na norma básica. Os plans especiais poderán ser estatais ou autonómicos, en función do seu ámbito territorial de aplicación, e serán aprobados pola Administración competente en cada caso. Os plans especiais relativos ao risco nuclear e á protección da poboación en caso de conflito bélico serán, en todo caso, de competencia estatal, sen prexuízo da participación neles das administracións das comunidades autónomas e entidades locais, segundo se estableza na norma básica.

4. Os plans de autoprotección establecen o marco orgánico e funcional previsto para os centros, establecementos, instalacións ou dependencias recollidos na normativa aplicable, co obxecto de prever e controlar os riscos de emerxencia de protección civil sobre as persoas e os bens e dar resposta adecuada nesas situacións.

CAPÍTULO IV

Resposta inmediata ás emerxenciasArtigo 16. *Definición.*

Enténdese por resposta inmediata ás emerxencias de protección civil a actuación dos servizos públicos ou privados de intervención e de asistencia tras o acaecemento dunha emerxencia ou nunha situación que poida derivar en emerxencia, coa finalidade de evitar danos, rescatar e protexer as persoas e bens, velar pola seguridade cidadá e satisfacer as necesidades básicas de subsistencia da poboación afectada. Inclúe a atención sanitaria, psicolóxica e social de urxencia, o refuxio e a reparación inicial dos danos para restablecer os servizos e infraestruturas esenciais, así como outras accións e avaliacións necesarias para iniciar a recuperación.

Artigo 17. *Os servizos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil.*

1. Terán a consideración de servizos públicos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil os servizos técnicos de protección civil e emerxencias de todas as administracións públicas, os servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento, e de prevención e extinción de incendios forestais, as forzas e corpos de seguridade, os servizos de atención sanitaria de emerxencia, as Forzas Armadas e, especificamente, a Unidade Militar de Emerxencias, os órganos competentes de coordinación de emerxencias das comunidades autónomas, os técnicos forestais e os axentes ambientais, os servizos de rescate, os equipos multidisciplinares de identificación de vítimas, as persoas de contacto coas vítimas e os seus familiares, e todos aqueles que dependendo das administracións públicas teñan este fin.

2. Os órganos competentes de coordinación de emerxencias das comunidades autónomas, ademais da atención de emerxencias que non teñan afectación colectiva pero que requiran a actuación de servizos operativos diversos, poderán actuar nas emerxencias de protección civil como centro de coordinación operativa, segundo se estableza nos correspondentes plans.

3. Cando sexan requiridas organizacións de voluntarios e entidades colaboradoras, a súa mobilización e actuacións estarán subordinadas ás dos servizos públicos.

4. Na Norma básica de protección civil regularanse as bases para a mellora da coordinación e eficiencia das actuacións dos servizos regulados neste artigo.

Artigo 18. *O Centro Nacional de Seguimento e Coordinación de Emerxencias de Protección Civil.*

1. O Centro Nacional de Seguimento e Coordinación de Emerxencias de Protección Civil exerce as seguintes funcións:

a) Xestionar a Rede nacional de información sobre protección civil. Elaborará, logo de acordo do Consello Nacional de Protección Civil, un plan nacional de interconexión de información de emerxencias que permita a comunicación áxil entre as diferentes administracións públicas e a eficacia na xestión, coordinación e o seguimento das emerxencias.

b) Xestionar a Rede de alerta nacional de protección civil nos termos previstos nesta lei.

c) Divulgar periodicamente datos e estatísticas sobre emerxencias e avaliar a conveniencia e forma de utilización das redes sociais ante unha emerxencia de protección civil.

d) Actuar como Centro de Coordinación Operativa nas emerxencias de interese nacional. Nelas os órganos competentes de coordinación de emerxencias das comunidades autónomas integraranse operativamente neste centro, coas funcións e mediante os mecanismos de coordinación que se determinen, así como as redes de

información para a xestión e coordinación dos servizos que interveñan na súa resolución. O alcance da dita integración e as condicións de facelas efectivas determinaraas o Consello Nacional de Protección Civil.

e) Actuar como punto de contacto para a comunicación e intercambio de información cos órganos da Unión Europea, no marco do Mecanismo de protección civil da Unión e outros organismos internacionais, así como cos órganos homólogos doutros países cos cales España establecece un convenio ou tratado de cooperación en materia de protección civil.

f) Canalizar a información que deberán proporcionar os cidadáns e as entidades públicas e privadas nos termos establecidos nesta lei.

2. As funcións encomendadas ao Centro Nacional de Seguimento e Coordinación de Emerxencias de Protección Civil encádranse na Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias.

Artigo 19. *Dispoñibilidade dos recursos do Estado.*

1. O Estado colaborará coas comunidades autónomas e coas entidades locais, facilitando os recursos humanos e materiais dispoñibles en caso de emerxencias que non fosen declaradas de interese nacional, nos termos que se acorden no Consello Nacional de Protección Civil.

2. Os membros das forzas e corpos de seguridade do Estado ou das Forzas Armadas que interveñan en tales emerxencias actuarán encadrados e ás ordes dos seus mandos naturais e dirixidos pola autoridade designada no plan de protección civil que corresponda.

3. A responsabilidade por danos e perdas derivados da intervención dos medios da Administración xeral do Estado a que se refire o número anterior corresponderá á Administración pública que asuma a dirección da emerxencia.

CAPÍTULO V

Recuperación

Artigo 20. *Fase de recuperación.*

1. A fase de recuperación está integrada polo conxunto de accións e medidas de axuda das entidades públicas e privadas dirixidas ao restablecemento da normalidade na zona sinistrada, unha vez finalizada a resposta inmediata á emerxencia.

2. Cando se produza unha emerxencia cuxa magnitude requira para a súa recuperación a intervención da Administración xeral do Estado, aplicaranse as medidas recollidas neste capítulo, logo de declaración desta de acordo co previsto no artigo 23. A comunidade autónoma afectada ou, se for o caso, o Consello Nacional de Protección Civil, serán informados das razóns que xustifican a intervención da Administración xeral do Estado nas tarefas de recuperación, no menor prazo posible.

3. As medidas de recuperación aplicaranse en concepto de axuda para contribuír ao restablecemento da normalidade nas áreas afectadas, e non terán, en ningún caso, carácter indemnizatorio.

Artigo 21. *Danos materiais.*

1. Os danos materiais deberán ser certos, avaliábelos economicamente e referidos a bens que contén coa cobertura dun seguro, público ou privado.

2. As axudas por danos materiais serán compatibles coas que puidesen conceder outras administracións públicas ou coas indemnizacións que correspondesen en virtude de pólizas de seguro, sen que en ningún caso o importe global de todas elas poida superar o valor do dano producido.

3. A valoración dos danos materiais farana organismos especializados en taxación de sinistros ou os servizos técnicos dependentes das administracións públicas no ámbito das

súas competencias sobre a base dos datos achegados polas administracións públicas afectadas. O Consorcio de Compensación de Seguros terá dereito ao aboamento dos traballos de peritación conforme o seu baremo de honorarios profesionais.

4. Para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consorcio de Compensación de Seguros poderán intercambiarse os datos sobre beneficiarios das axudas e indemnizacións que se concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados. As entidades aseguradoras que operen no territorio español estarán obrigadas a subministrar ao Consorcio de Compensación de Seguros a información que este lles solicite para dar cumprimento ao disposto anteriormente. O Consorcio de Compensación de Seguros poderá emitir informes de valoración e periciais por solicitude e en favor das administracións públicas afectadas.

Artigo 22. *Danos persoais.*

Cando se producen danos persoais concederanse axudas económicas por falecemento e por incapacidade absoluta e permanente, nos termos previstos na disposición adicional cuarta.

Artigo 23. *Procedemento de declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil.*

1. A declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil prevista nesta lei efectuarase por acordo de Consello de Ministros, por proposta dos ministros de Facenda e Administracións Públicas e do Interior e, se for o caso, dos titulares dos demais ministerios concernidos, e incluírá, en todo caso, a delimitación da área afectada. Esta declaración poderá ser solicitada polas administracións públicas interesadas.

Nestes supostos, e con carácter previo á súa declaración, o Goberno poderá solicitar informe á comunidade ou comunidades autónomas afectadas.

2. Para os efectos da declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil valorarase, en todo caso, que se producen danos persoais ou materiais derivados dun sinistro que perturbe gravemente as condicións de vida da poboación nunha área xeográfica determinada ou cando se produza a paralización, como consecuencia del, de todos ou algúns dos servizos públicos esenciais.

Artigo 24. *Medidas aplicables.*

1. Nos termos que aprobe o Consello de Ministros, cando se declare unha zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil poderanse adoptar, entre outras, algunhas das seguintes medidas:

- a) Axudas económicas a particulares por danos en vivenda habitual e útiles de primeira necesidade.
- b) Compensación a corporacións locais por gastos derivados de actuacións inaprazables.
- c) Axudas a persoas físicas ou xurídicas que levasen a cabo a prestación persoal ou de bens.
- d) Axudas destinadas a establecementos industriais, mercantís e de servizos.
- e) Subvencións por danos en infraestruturas municipais, rede viaria provincial e insular.
- f) Axudas por danos en producións agrícolas, gandeiras, forestais e de acuicultura mariña.
- g) Apertura de liñas de préstamo preferenciais subvencionadas polo Instituto de Crédito Oficial.

2. Ademais das medidas previstas no número anterior, poderanse adoptar as seguintes:

a) Medidas fiscais:

1.º Exención da cota do imposto sobre bens inmobles, correspondente ao exercicio orzamentario en que acaecese a emerxencia que afecte vivendas, establecementos industriais, turísticos e mercantís, explotacións agrarias, gandeiras e forestais, locais de traballo e similares, cando fosen danados e se acredite que tanto as persoas como os bens neles situados tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes até a reparación dos danos sufridos, ou as perdas en colleitas constitúan sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2.º Redución no imposto sobre actividades económicas, correspondente ao exercicio orzamentario en que acaecese a emerxencia ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís, turísticos e profesionais, cuxos locais de negocio ou bens afectados a esa actividade fosen danados, sempre que tiveren que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade até o seu restablecemento en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais ou noutros habilitados para o efecto.

3.º As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos ordinais anteriores comprenderán as das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

4.º Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos ordinais anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes ao dito exercicio fiscal, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5.º Exención das taxas do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico para a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos, e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de conducción destruídos ou extraviados polas ditas causas.

6.º A diminución dos ingresos nos tributos locais que, se for o caso, se produza nos concellos, deputacións provinciais, cabidos insulares e consellos insulares como consecuencia da aplicación deste artigo será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

7.º As axudas por danos persoais estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas.

8.º De maneira excepcional, o ministro de Facenda e Administracións Públicas poderá autorizar unha redución dos índices de rendemento neto das explotacións e actividades agrarias realizadas nas zonas sinistradas.

b) Medidas laborais e de seguridade social:

1.º As extincións ou suspensións dos contratos de traballo ou as reducións temporais da xornada de traballo que teñan a súa causa directa na emerxencia, así como nas perdas de actividade directamente derivadas dela que queden debidamente acreditadas, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo. No primeiro suposto, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá exonerar o empresario do aboamento das cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta mentres dure o período de suspensión, e manterase a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores correrán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

No suposto que a empresa decida a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base en circunstancias excepcionais, o Servizo Público de Emprego estatal poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que deriven de forma inmediata das emerxencias non se compute para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, neses supostos, poderase autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.

2.º As empresas e os traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade Social poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria de até un ano sen xuros no pagamento das cotizacións á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta correspondentes a tres meses naturais consecutivos, contados desde o anterior á produción do sinistro ou, no caso de traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, desde o mes en que aquel se produciu.

3.º Os cotizantes á Seguridade Social que teñan dereito aos beneficios establecidos nos ordinais anteriores e satisfixesen as cotas correspondentes ás exencións ou á moratoria de que se trate poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas, incluídos, se for o caso, os xuros de demora, as recargas e custas correspondentes, nos termos legalmente previstos. Se o que tiver dereito á devolución é debedor á Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes con aquela na forma que legalmente proceda.

Artigo 25. *Seguimento e coordinación.*

1. Tras a declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil levarase a cabo un seguimento das medidas recollidas neste capítulo, nos termos que se determinen regulamentariamente.

2. Para a coordinación e seguimento das medidas adoptadas pola Administración xeral do Estado e, se for o caso, por outras administracións públicas, constituirase unha comisión de coordinación, integrada por representantes das administracións estatal, autonómica e local afectadas.

CAPÍTULO VI

Avaliación e inspección do Sistema nacional de protección civil

Artigo 26. *Avaliación e inspección.*

1. A avaliación e a inspección do Sistema nacional de protección civil terá como finalidade contribuír a mellorar a calidade da resposta dos poderes públicos na xestión integral dos riscos e emerxencias.

2. A avaliación e a inspección aplicarase a todas as actuacións do sistema nacional e levarana a cabo as administracións públicas competentes, nos termos sinalados no número seguinte.

3. O Consello Nacional de Protección Civil elaborará unhas directrices de avaliación das actuacións de aplicación xeral e un Programa de inspección do sistema nacional que levarán a cabo as administracións públicas nos seus respectivos ámbitos de competencia, respectando as facultades de autoorganización e de dirección dos seus propios servizos.

Artigo 27. *Memoria anual do Sistema nacional de protección civil.*

O Goberno, elaborada polo Consello Nacional de Protección Civil e por proposta do ministro do Interior, elevará ao Senado unha memoria anual que permita valorar a eficacia do sistema nacional.

CAPÍTULO VII

Emerxencias de interese nacional

Artigo 28. *Definición.*

Son emerxencias de interese nacional:

1. As que requiran para a protección de persoas e bens a aplicación da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, reguladora dos estados de alarma, excepción e sitio.
2. Aquelas en que sexa necesario prever a coordinación de Administracións diversas porque afecten varias comunidades autónomas e exixan unha achega de recursos a nivel supraautonómico.
3. As que polas súas dimensións efectivas ou previsibles requiran unha dirección de carácter nacional.

Artigo 29. *Declaración.*

Nos supostos previstos no artigo anterior, corresponderá a declaración de interese nacional ao titular do Ministerio do Interior, ben por propia iniciativa ou por instancia das comunidades autónomas ou dos delegados do Goberno nelas. Cando a declaración de emerxencia de interese nacional se realice por iniciativa do Ministerio do Interior, precisarase, en todo caso, logo de comunicación coa comunidade autónoma ou comunidades autónomas afectadas, por medios que non prexudiquen a rapidez da declaración e a eficacia da resposta pública.

Artigo 30. *Efectos.*

1. Declarada a emerxencia de interese nacional, o titular do Ministerio do Interior asumirá a súa dirección, que comprenderá a ordenación e coordinación das actuacións e a xestión de todos os recursos estatais, autonómicos e locais do ámbito territorial afectado, sen prexuízo do disposto na lei para os estados de alarma, excepción e sitio, e na normativa específica sobre seguridade nacional.
2. O ministro do Interior poderá, en función da gravidade da situación, requirir a colaboración das diferentes administracións públicas que contén con recursos mobilizables, aínda que a emerxencia non afecte o seu territorio.

TÍTULO III

Os recursos humanos do Sistema nacional de protección civil

Artigo 31. *A formación dos recursos humanos.*

1. Os poderes públicos promoverán a formación e o desenvolvemento da competencia técnica do persoal do Sistema nacional de protección civil.
2. A formación en protección civil terá o recoñecemento oficial do sistema educativo e da formación profesional para o emprego, no marco do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional, nos termos establecidos polo Goberno, por proposta dos ministerios competentes.

Artigo 32. *A Escola Nacional de Protección Civil.*

1. A Escola Nacional de Protección Civil, como instrumento vertebrador da formación especializada e de mandos de alto nivel, desenvolve as seguintes actividades:

- a) Formar e adestrar o persoal dos servizos de protección civil da Administración xeral do Estado e doutras institucións públicas e privadas, mediante os correspondentes convenios, se for o caso, así como persoas doutros colectivos que sexan de interese para

o Sistema nacional de protección civil. Poderá acordar con outras administracións, mediante os correspondentes convenios, a formación e adestramento do persoal ao servizo das ditas administracións.

- b) Desenvolver accións de I+D+i en materia de formación de protección civil.
- c) Colaborar cos centros de formación de protección civil das outras administracións públicas.
- d) Colaborar nas actividades de formación que se prevexan no marco do Mecanismo de protección civil da Unión ou doutras iniciativas europeas para favorecer a interoperabilidade dos equipos e servizos. Igualmente, poderá levar a cabo actividades de formación a favor doutros Estados ou de institucións estranxeiras ou internacionais.
- e) A Escola Nacional de Protección Civil, logo de autorización dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Emprego e Seguridade Social, respectivamente, poderá impartir as accións conducentes á obtención dos títulos oficiais de formación profesional e certificados de profesionalidade relacionados coa protección civil.

2. As funcións encomendadas á Escola Nacional de Protección Civil encádranse na Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias.

TÍTULO IV

Competencias dos órganos da Administración xeral do Estado

Artigo 33. *Competencias do Goberno.*

Son competencias do Goberno en materia de protección civil:

- a) Regular a Rede nacional de información sobre protección civil e a Rede de alerta nacional de protección civil.
- b) Aprobar a Norma básica de protección civil.
- c) Aprobar o Plan estatal xeral de protección civil.
- d) Aprobar os plans especiais de protección civil de ámbito e competencia estatal.
- e) Declarar unha zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil.
- f) Adoptar os acordos de cooperación internacional que corresponda en materia de protección civil.
- g) Aprobar o Protocolo de intervención da Unidade Militar de Emerxencias e, se for o caso, o doutros medios do Estado que poidan destinarse á protección civil.
- h) As demais que lle atribúan esta lei e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 34. *Competencias do ministro do Interior.*

1. Ao ministro do Interior correspóndelle impulsar, coordinar e desenvolver a política do Goberno en materia de protección civil.

2. Son competencias do ministro do Interior:

- a) Desenvolver as normas de actuación que en materia de protección civil aprobe o Goberno.
- b) Elaborar a Norma básica de protección civil, o Plan estatal xeral e os plans especiais de protección civil de ámbito e competencia estatal, e eleválos ao Goberno para a súa aprobación, así como propor ao Consello de Seguridade Nacional a aprobación da Estratexia nacional de protección civil.
- c) Declarar a emerxencia de interese nacional e a súa finalización, así como asumir as funcións de dirección e coordinación que lle correspondan nesta situación.
- d) Propor ao Goberno, xunto co ministro de Facenda e Administracións Públicas e, se for o caso, cos titulares dos demais ministerios concernidos, a declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil.
- e) Exercer a superior dirección, coordinación e inspección das accións e os medios de execución dos plans de protección civil de competencia estatal.

- f) Dispor, con carácter xeral, a intervención das forzas e corpos de seguridade do Estado e solicitar do titular do Ministerio de Defensa a colaboración das Forzas Armadas.
- g) Presidir o Consello Nacional de Protección Civil.
- h) Efectuar a oferta de achega de equipos de intervención en emerxencias no marco do Mecanismo de protección civil da Unión Europea.
- i) Acordar a mobilización dos recursos do Sistema nacional de protección civil para cooperar en catástrofes en terceiros países e coordinar a actuación dos equipos de axuda, de acordo co previsto no artigo 42.
- j) Impor as sancións por infraccións moi graves previstas no título VI.
- k) As demais que lle sexan atribuídas por esta lei e polo resto do ordenamento xurídico.

Artigo 35. Competencias doutros departamentos, organismos e entidades do sector público estatal.

Os restantes ministerios, organismos públicos e demais entidades do sector público estatal participarán no exercicio das actividades de protección civil, no ámbito das súas respectivas competencias e de conformidade co que establezan a normativa vixente e os plans de protección civil. O ministro do Interior decidirá e a autoridade competente do departamento ou organismo correspondente ordenará a intervención destes medios estatais.

Artigo 36. Competencias dos delegados do Goberno.

Os delegados do Goberno, baixo as instrucións do Ministerio do Interior, coordinarán as actuacións en materia de protección civil dos órganos e servizos da Administración xeral do Estado dos seus respectivos ámbitos territoriais, en cooperación, pola súa vez, cos órganos competentes en materia de protección civil das correspondentes comunidades autónomas e entidades locais.

Artigo 37. As Forzas Armadas. A Unidade Militar de Emerxencias.

1. A colaboración das Forzas Armadas en materia de protección civil efectuarase principalmente mediante a Unidade Militar de Emerxencias, sen prexuízo da colaboración doutras unidades que se precisen, de conformidade co establecido na súa lexislación específica, nesta lei e na normativa de desenvolvemento.

2. A Unidade Militar de Emerxencias ten como misión intervir en calquera lugar do territorio nacional para contribuír á seguridade e benestar dos cidadáns, coa finalidade de cumprir os obxectivos propios da protección civil nos supostos que pola súa gravidade se considere necesario, xunto coas institucións do Estado e das administracións públicas, conforme o establecido na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, nesta lei e no resto da normativa aplicable.

3. A intervención da Unidade Militar de Emerxencias, valoradas as circunstancias, solicitaráa o ministro do Interior e será ordenada polo titular do Ministerio de Defensa. Regulamentariamente establecerase o réxime das súas intervencións.

4. A Unidade Militar de Emerxencias, en caso de emerxencia de interese nacional, asumirá a súa dirección operativa e actuará baixo a dirección do ministro do Interior.

Artigo 38. Participación das forzas e corpos de seguridade do Estado.

1. As forzas e corpos de seguridade do Estado colaborarán nas accións de protección civil, de conformidade co establecido na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, nesta lei e na normativa de desenvolvemento.

2. Os plans de protección civil, no ámbito da súa competencia, poderán asignar funcións ás forzas e corpos de seguridade do Estado, sen atribuílas a unidades concretas.

TÍTULO V

Cooperación e coordinación*Artigo 39. Consello Nacional de Protección Civil.*

1. O Consello Nacional de Protección Civil é o órgano de cooperación nesta materia da Administración xeral do Estado, das administracións das comunidades autónomas, das cidades con Estatuto de autonomía e da Administración local, representada pola Federación Española de Municipios e Provincias, como asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación. Ten por finalidade contribuír a unha actuación eficaz, coherente e coordinada das administracións competentes fronte ás emerxencias.

2. Forman parte do Consello Nacional o ministro do Interior, que o preside, os titulares dos departamentos ministeriais que determine o Goberno, os representantes das comunidades autónomas e das cidades con Estatuto de autonomía competentes en materia de protección civil, designados por estas, e a persoa, con facultades representativas, que designe a Federación Española de Municipios e Provincias.

O Consello Nacional funciona en pleno e en comisión permanente. Corresponderá, en todo caso, ao Pleno aprobar as liñas básicas da Estratexia do Sistema nacional de protección civil, así como exercer as demais funcións que determine o regulamento interno do Consello Nacional.

3. O Consello Nacional aprobará o seu regulamento interno, que regulará a súa organización e funcionamento.

4. O Consello Nacional terá o carácter de Comité Español da Estratexia Internacional para a Redución de Desastres das Nacións Unidas.

Artigo 40. Órganos territoriais de participación e coordinación en materia de protección civil.

De acordo co que dispoña a normativa autonómica, nos órganos territoriais de participación e coordinación en materia de protección civil poderán participar representantes da Administración xeral de Estado.

Artigo 41. Contribución ao Mecanismo de protección civil da Unión Europea.

1. O Ministerio do Interior, como punto de contacto español do Mecanismo de protección civil da Unión Europea, tanto no que afecta as actividades de prevención como en canto ás de preparación e resposta a desastres que se desenvolvan no marco do dito mecanismo, actuará, cando sexa oportuno, en coordinación cos departamentos da Administración xeral do Estado afectados, así como coas comunidades autónomas.

2. O Ministerio do Interior asegurará a necesaria coherencia da participación española no Mecanismo de protección civil da Unión e manterá a oportuna cooperación co centro de control e información europeo. Continuará actuando como o punto de contacto do Sistema común de información e comunicación de emerxencias do mecanismo. Regulamentariamente establecerase o réxime dos módulos de protección civil españois que se dispoñan ao abeiro do mecanismo.

Artigo 42. Cooperación Internacional.

O Ministerio do Interior solicitará e mobilizará os recursos do sistema nacional para previr e afrontar situacións de catástrofes en terceiros países, cando sexa procedente en virtude dos tratados internacionais e convenios bilaterais subscritos por España, ou cando o Goberno o acorde por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do Interior, e daqueles outros departamentos cuxas competencias, se for o caso, poidan verse afectadas.

TÍTULO VI

Réxime sancionador

Artigo 43. *Exercicio da potestade sancionadora pola Administración xeral do Estado.*

Os órganos competentes da Administración xeral do Estado exercerán a potestade sancionadora, de acordo co previsto neste título, cando as condutas presuntamente constitutivas de infracción se realicen con ocasión de emerxencias declaradas de interese nacional ou da execución de plans de protección civil cuxa dirección e xestión corresponda a aquela.

Artigo 44. *Suxeitos responsables.*

A responsabilidade polas infraccións cometidas recaerá directamente no autor do feito en que consista a infracción.

Artigo 45. *Infraccións.*

1. Son infraccións administrativas en materia de protección civil as accións e omisións tipificadas nesta lei.

2. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

3. Constitúen infraccións moi graves:

a) O incumprimento das obrigacións derivadas dos plans de protección civil, cando supoña unha especial perigosidade ou transcendencia para a seguridade das persoas ou os bens.

b) Nas emerxencias declaradas, o incumprimento das ordes, prohibicións, instrucións ou requirimentos efectuados polos titulares dos órganos competentes ou os membros dos servizos de intervención e asistencia, así como dos deberes de colaboración cos servizos de vixilancia e protección das empresas públicas ou privadas, cando supoña unha especial perigosidade ou transcendencia para a seguridade das persoas ou os bens.

c) O incumprimento dos deberes previstos no artigo 7 bis.7 desta lei, cando supoña unha especial perigosidade ou transcendencia para a seguridade das persoas ou dos bens.

d) A comisión dunha segunda infracción grave no prazo dun ano.

4. Constitúen infraccións graves:

a) O incumprimento das obrigacións derivadas dos plans de protección civil, cando non supoña unha especial perigosidade ou transcendencia para a seguridade das persoas ou dos bens.

b) Nas emerxencias declaradas, o incumprimento das ordes, prohibicións, instrucións ou requirimentos efectuados polos titulares dos órganos competentes ou os membros dos servizos de intervención e asistencia, así como dos deberes de colaboración cos servizos de vixilancia e protección das empresas públicas ou privadas, cando non supoña unha especial perigosidade ou transcendencia para a seguridade das persoas ou dos bens.

c) O incumprimento das obrigacións previstas no artigo 7 bis.7, cando non supoña unha especial perigosidade ou transcendencia para a seguridade das persoas ou dos bens.

d) O incumprimento das obrigacións previstas no artigo 7 bis. 8, cando supoña unha especial transcendencia para a seguridade das persoas ou dos bens.

e) A comisión dunha terceira infracción leve no prazo dun ano.

5. Constitúen infraccións leves:

a) O incumprimento das obrigacións previstas no artigo 7 bis.8, cando non supoña unha especial transcendencia para a seguridade das persoas ou os bens.

b) Calquera outro incumprimento desta lei que non constitúa infracción grave ou moi grave.

Artigo 46. *Sancións.*

1. As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 30.001 a 600.000 euros.
2. As infraccións graves sancionaranse con multa de 1.501 a 30.000 euros.
3. As infraccións leves sancionaranse con multa de até 1.500 euros.

Artigo 47. *Gradación.*

A aplicación das sancións previstas nesta lei realizarase de acordo co disposto no artigo 131 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 48. *Competencia para o exercicio da potestade sancionadora.*

Serán competentes para a resolución dos procedementos sancionadores:

- a) O titular da Delegación do Goberno, cando se trate de infraccións leves.
- b) O titular da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, cando se trate de infraccións graves.
- c) O titular do Ministerio do Interior, cando se trate de infraccións moi graves.

Artigo 49. *Procedemento sancionador.*

1. O exercicio da potestade sancionadora en materia de protección civil rexerese polo título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e polas súas disposicións de desenvolvemento, sen prexuízo das especialidades que se regulan neste título.

2. O prazo máximo para a resolución dos procedementos sancionadores por infraccións graves e moi graves será de seis meses, e de tres meses para os procedementos por infraccións leves.

Artigo 50. *Medidas provisionais.*

1. Excepcionalmente, nos supostos de ameaza inminente para persoas ou bens, as medidas provisionais previstas no número 2 do presente artigo poderán ser adoptadas polas autoridades competentes en materia de protección civil con carácter previo á iniciación do procedemento, e deberán ser ratificadas, modificadas ou revogadas no acordo de incoación no prazo máximo de quince días. En todo caso, estas medidas quedarán sen efecto se, transcorrido o dito prazo, non se incoa o procedemento ou o acordo de incoación non contén un pronunciamento expreso acerca delas.

2. Iniciado un procedemento sancionador, o órgano competente para a súa incoación poderá, en calquera momento, adoptar as medidas de carácter provisional que aseguren a eficacia da resolución final que puidese recaer e as que eviten o mantemento ou a agravación dos efectos da infracción imputada. Estas medidas serán proporcionadas á natureza e gravidade da infracción e poderán consistir especialmente:

- a) No depósito en lugar seguro dos instrumentos ou efectos utilizados para a comisión das infraccións e, en particular, de obxectos ou materias perigosas.
- b) Na adopción de medidas de seguridade das persoas, bens, establecementos ou instalacións que se encontren ameazados, por conta dos seus titulares.
- c) Na suspensión ou clausura preventiva de fábricas, locais ou establecementos.
- d) Na suspensión parcial ou total das actividades nos establecementos que sexan notoriamente vulnerables e non teñan en funcionamento os plans de autoprotección ou as medidas de seguridade necesarias.

Disposición adicional primeira. *Voluntariado no ámbito da protección civil e entidades colaboradoras.*

1. Os poderes públicos promoverán a participación e a debida formación dos voluntarios en apoio do Sistema nacional de protección civil, sen prexuízo do deber xeral de colaboración de todos os cidadáns.

2. As actividades das persoas voluntarias no ámbito da protección civil prestaranse de acordo co réxime xurídico e cos valores e principios que inspiran a acción voluntaria establecidos na normativa propia de voluntariado, e de acordo coas directrices das entidades e organizacións públicas en que se desenvolvan.

3. A Cruz Vermella e outras entidades entre cuxos fins estean os relacionados coa protección civil contribuirán cos seus efectivos e medios ás tarefas desta.

Disposición adicional primeira bis. *Cruz Vermella Española e outras entidades colaboradoras.*

1. Cruz Vermella Española, como auxiliar das administracións públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas por elas, ten a consideración de entidade colaboradora do Sistema nacional de protección civil e poderá contribuír cos seus medios ás actuacións deste, se for o caso, mediante a subscripción de convenios. Nos plans de protección civil recollidos no artigo 14 figurarán, se for o caso, as actuacións que poida realizar esta entidade.

2. Outras entidades entre cuxos fins figuren os relacionados coa protección civil poderán contribuír cos seus medios ás tarefas desta.

Disposición adicional segunda. *Sistemas de seguridade nacional, defensa nacional e infraestruturas críticas e os derivados de tratados internacionais.*

O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo do que estableza a normativa vixente para os sistemas de seguridade nacional, defensa nacional e infraestruturas críticas e os derivados de tratados internacionais subscritos por España.

Disposición adicional terceira. *Medalla ao mérito de protección civil.*

1. Coa Medalla ao mérito de protección civil distinguiranse as persoas, físicas ou xurídicas, que destaquen polas súas actividades na protección civil.

2. Regulamentariamente estableceranse os tipos e categorías de medallas que poderá conceder a Administración xeral do Estado e o réxime para a súa concesión, que en ningún caso comportará compensación económica.

Disposición adicional cuarta. *Axudas para situacións non declaradas como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil.*

A normativa regulamentaria estatal en materia de subvencións derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica será de aplicación ás axudas derivadas de situacións en que non se producise a declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil, así como ás axudas por danos persoais do artigo 22 e por danos materiais contidas no artigo 21 e nas letras a), b) c) e d) do número 1 do artigo 24. Na tramitación destas subvencións será de aplicación o disposto no número 4 do artigo 21 desta lei.

Disposición adicional quinta. *Prezos unitarios para determinar o custo dos servizos prestados.*

Para a súa posible aplicación aos convenios de colaboración que se subscriban entre administracións públicas, así como para cubrir os gastos derivados da intervención dos servizos públicos nas situacións de emerxencia, o Consello Nacional de Protección Civil

poderá aprobar unha relación de prezos unitarios de medios materiais e recursos humanos que poida servir de referencia para determinar o custo dos servizos prestados.

Disposición adicional sexta. *Plans e programas con regulación sectorial.*

Os departamentos ministeriais que no momento da entrada en vigor desta lei teñan asignada a planificación e os programas ante situacións concretas de risco colectivo en que a seguridade ou a vida das persoas poidan perigar, establecerán os mecanismos de colaboración coas administracións públicas competentes en materia de protección civil para asegurar a coherencia do Sistema nacional de protección civil.

Disposición adicional sétima. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta lei non poderán supor incremento de dotacións, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

O sostemento do Sistema nacional de protección civil no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado realizarase de conformidade coas dotacións que anualmente se inclúan para o efecto nos orzamentos xerais do Estado, de acordo cos principios e os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Disposición adicional oitava. *Adaptación normativa.*

As disposicións desta lei terán en conta o establecido na Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

Disposición adicional novena. *Competencia sancionadora no ámbito municipal.*

Os alcaldes serán competentes para a resolución dos procedementos sancionadores no ámbito de protección civil de acordo co previsto na lexislación específica que lles sexa aplicable.

Disposición adicional décima.

As axudas previstas nesta lei non terán a consideración de renda computable para efectos da concesión e mantemento do dereito, e se for o caso, da contía das pensións de xubilación e invalidez da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva.

Disposición transitoria única. *Plans de protección civil vixentes.*

Os plans de protección civil existentes no momento da entrada en vigor desta lei continuarán aplicándose até que sexan substituídos polos que se elaboren e aproben conforme ela.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil, así como as demais normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.29.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

1. Habílase o Goberno para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido nesta lei.

2. O desenvolvemento das medidas laborais e de Seguridade Social previstas no artigo 24 farase por orde do ministro de Emprego e Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Actualización da contía das multas.*

Facúltase o Goberno para actualizar a contía das multas, de acordo coas variacións do indicador público de renda de efectos múltiples.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY